

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 22 de decembro de 2025 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 24 de novembro de 2025, e á sesión extraordinaria do 01 de decembro de 2025.
- \* Aprobación do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2026.
- \* Aprobación do proxecto de Orzamentos da Universidade de Vigo para 2026.
- \* Elevación ao Consello Social da proposta de aprobación da aceptación pola Universidade de Vigo da doazón da Asociación de tradutores galegos.
- \* Aprobación da proposta dos premios extraordinarios de grao curso 2024-2025.
- \* Aprobación das modificacións na normativa, procedemento e efectos da avaliación da actividade docente (quinquenios).
- \* Aprobación das modificacións na normativa para a contratación de profesorado substituto.
- \* Aprobación das modificacións no baremo para a contratación de profesorado substituto.
- \* Aprobación da creación da unidade docente 070PV no departamento X11.
- \* Aprobación da selección de unidades docentes para a convocatoria de prazas de TU e CU con cargo á OEP do 2024.
- \* Aprobación da programación docente anual (PDA) de titulacións de grao para o curso 2026/27.
- \* Aprobación da programación docente anual (PDA) de titulacións de máster para o curso 2026/27.
- \* Aprobación do límite de prazas de titulacións de grao para o curso 2026/27.
- \* Aprobación do límite de prazas de titulacións de máster para o curso 2026/27.
- \* Renovación do acordo para a equiparación do salario do persoal investigador Ramón y Cajal ao da figura de profesorado contratado doutor/ profesorado permanente laboral, sen prexuízo de que se a convocatoria de axudas Ramón Cajal fíxase unha retribución superior, será de aplicación esta última.
- \* Ratificación dos cambios de vogais no Comité de Publicacións:
  - Inclusión de María Aranguren Gassis por Marta Pérez Rodríguez.
  - Inclusión de Katia Rolán González por Pablo Vilas Santamaría.

- \* Elección dun representante na Comisión de seguimento do Plan Estratéxico, polo sector PTXAS:
  - José Manuel García Eirín

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.